

**PLAN  
DE  
CONVIVENCIA  
DO  
CEIP VELEIRO DOCAMPO**

O Presente Plan de Convivencia  
foi revisado e modificado durante o curso 2023-2024  
e presentado ao Consello Escolar  
para a súa aprobación  
o día 30 de xaneiro de 2024

O presente Plan de Convivencia pretende ser un documento no que se recolle a organización e funcionamento do centro en relación coa convivencia escolar e establece as liñas xerais de modelo de convivencia a adoptar no colexio, as normas que o regularán e as actuacións a levar a cabo neste ámbito para a consecución dos obxectivos plantexados.

Unha boa convivencia non soamente é unha condición para conseguir un bo clima de traballo, senón que é unha aprendizaxe básica en si mesma, á que debe contribuír a educación escolar e que é resultado dun traballo sistemático.

Entendemos que para conseguir un clima de convivencia axeitado é preciso respectarse mutuamente, asumir unhas normas comúns, aceptar outras opinións e formas de vida e resolver os conflitos por medios non violentos.

A convivencia basease por tanto, nunha serie de pautas e comportamentos que facilitan desde a aceptación e o respecto do outro como persoa, ata asumir que as diferencas enriquecen.

Ademais a convivencia vese afectada polas interaccións entre os diferentes compoñentes da comunidade educativa. Por este motivo, o fomento do clima que perseguimos dependen da devandita comunidade como unha globalidade.

Por tanto, preséntase como un documento aberto, capaz de retroalimentarse das contribucións de todos os integrantes da Comunidade Educativa e á vez un marco de reflexións e mellora da nosa práctica educativa.

## INDICE

Xustificación.....	7
Introdución.....	8
Principios básicos para o plan de convivencia.....	12
Marco legal.....	12
PLAN DE CONVIVENCIA.....	14
1. A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.....	14
a) Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.....	14
Ubicación	
b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.....	15
▪ ensinanzas	
c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal da administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.....	17
▪ contexto socio-xeográfico	
▪ características do persoal do centro	
▪ características do alumnado do centro	
▪ características das familias do alumnado do centro	
▪ relacións coas familias e con outras institucións do contorno	
d) conflictividade detectado no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e sectores implicados nestes.....	19
▪ detalle da situación e clima de convivencia e disciplina que se vive nas aulas e no centro	
▪ nivel de cumprimento das normas recollidas no centro ou aulas	
▪ tipo de conflitos que se adoitan presentar no centro con maior frecuencia	
▪ grado de coordinación a hora de aplicar as normas e resolver os conflitos	
▪ medidas que se están a tomar para solucionar o problema	
▪ actitude persoal ante os conflitos	
▪ necesidade de formación e recursos	
e) actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.....	22

2. Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.....23
- Obxectivos de prevención
    - Mestre/a - mestre/a
    - Centro -alumnos/as- familias
    - Mestre/a - alumno/a
3. Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.....27
- a) Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.....28
- Medidas de carácter organizativo que posibilitan a axeitada vixilancia dos espazos
    - Entradas e saídas
    - Recreo
    - Para a aula e para os cambios de clase
  - Medidas para a comunicación e control de ausencias do alumnado
  - Medidas para a realización de actividades extraescolares
  - Medidas para a realización de actividades complementarias
  - Medidas para facilitar a integración e a participación do alumnado
  - Medidas que faciliten o coñecemento por parte do alumnado das normas de convivencia
  - Medidas para favorecer a relación das familias e o centro educativo
- b) Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.....32
- Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.
  - Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.
  - Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias con relación ao desenvolvemento da tolerancia e o respecto.
  - Necesidades de formación da comunidade educativa

- c) Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.....34
- Actividades para favorecer a amabilidade
  - Actividades para favorecer o diálogo
  - Actividades para favorecer as relacións interpersoais
  - Actividades para facer amigos/as
  - Actividades para favorecer os bos sentimentos
- d) Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións.....37
- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
  - Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
  - Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- e) Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir, de conformidade co establecido no decreto.....42
- Conciliación
  - Mediación
  - Compromisos de convivencia
  - Axuda entre iguais
  - Encargado
  - Delegados de nais e pais
  - Correccións e medidas disciplinarias

4. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, do 30 de xuño.....	49
5. Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.....	49
6. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.....	52
7. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.....	55
8. As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.....	59
- Composición	
- Calendario de reunións	
- Plan de actuación	
9. Coordinación de benestar e convivencia.....	61
10. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.....	62
11. Estratexias para a difusión do plan de convivencia e procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.....	62
12. ANEXO I.....	64

## XUSTIFICACION

A escola é un lugar onde todos pasamos unha longa e importante etapa da nosa vida. Por isto o Equipo Directivo e o claustro de mestres do CEIP Veleiro Docampo, queremos ofrecer aos nosos alumnos e alumnas unha ESCOLA para:

- SABER: ler, escribir, calcular, falar outros idiomas, coñecer o medio no que vivimos, coñecer a nosa historia, ter unha cultura musical, saber desenvolver e coidar o noso corpo, defenderse na vida...
- SABER PENSAR: este é o obxectivo do currículo e que nós contemplamos no proceso de ensino-aprendizaxe, porque as habilidades do pensamento non son innatas e poden e deben ser ensinadas coa finalidade de contribuír a mellorar a competencia social do alumnado e o rendemento escolar, desenvolvendo estratexias para aprender e aplicar o coñecemento dunha forma eficaz razoando e resolvendo con éxito os problemas.
- SABER VIVIR E CONVIVIR. Contribuír á socialización do alumnado consideramos que é unha función esencial da escola porque é un lugar onde se convive, e onde se pode e debe facer a aprendizaxe das habilidades sociais, entendidas como capacidades de relación interpersonal, que intentamos conseguir traballando a comunicación, a cooperación, a solidariedade, o respecto ás regras, saber escoitar, compartir, participar, crear hábitos de traballo e fomentar a corresponsabilidade. Estas capacidades materializámolas a través dos contidos de actitudes, de normas e valores, aspectos todos eles contemplados na nosa metodoloxía de traballo e nas normas de organización e funcionamento.
- SABER SER PERSOA: a meta da educación é aprender quen é un mesmo e chegar a selo. A formación do concepto de si mesmo (autoestima) e da identidade persoal é algo esencial que os/as mestres/as do CEIP Veleiro Docampo traballamos e coidamos. Para elo contemplamos:
  - Coñecer as liñas básicas de desenvolvemento do/a neno/a e dos seus momentos evolutivos
  - Actuacións imparciais
  - Propoñer tarefas axeitadas a súa capacidade
  - Facer eloxios realistas
  - Axustar expectativas

- Mostrar coherencia
- Realizar unha liña de centro na acción tutorial
- Unificar criterios educativos coas familias para que a educación sexa converxente, coordinada e continua, a través dun proceso de colaboración no que ten lugar o intercambio de información, a implicación directa e o compromiso de todos: pais, nais, alumnos, alumnas, mestras e mestres.

Con esta visión filosófica e práctica da educación intentamos que o noso traballo teña unha perspectiva social afectiva e cognitiva dentro dunha sociedade que cambia e xera novos obxectivos, valores e funcións. Unha sociedade na que existe a violencia de xénero, o bullying (acoso escolar), o ciberacoso, o mobbing (acoso laboral), o aumento de agresividade nos medios de comunicación, a violencia na interacción entre iguais...

Somos conscientes de que a escola é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os nenos e nenas perciben no seu entorno e nas súas vivencias. Na tarefa da educación a escola non pode actuar sola porque educar é unha tarefa tan ampla e complexa que un sector solo non ten as respostas e menos as solucións.

A escola, a familia e outras institucións deben coordinarse, implicarse, entenderse e ser coherentes nas súas competencias para conseguir unha educación de calidade que prepare para a vida e para a realidade multicultural e multiétnica no que lles tocará vivir e desenvolverse ao noso alumnado.

Ante isto a escola ten un papel de marcar uns principios, uns obxectivos de prevención e unhas estratexias de intervención que segundo o noso contexto serán os que a continuación desenvolvemos.

## **INTRODUCCIÓN**

A complexidade da nosa sociedade actual e os constantes cambios aos que esta sometida poñen de manifesto a necesidade de dar un novo enfoque aos obxectivos da educación. E máis en particular, é necesario introducir nos centros educativos unha cultura que facilite o tratamento eficaz dos conflitos escolares, co obxecto de que estes non se traduzan nunha deterioración do clima escolar.



Convivir significa compartir vivencias xuntos. A escola é un lugar privilexiado de convivencia, é un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descubrimento do mundo.

A Convivencia escolar (preámbulo do Decreto 8/2015) é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Na escola reproducense situacións conflitivas da sociedade pero tamén se dan as posibilidades de aprender a resolver os conflitos, de aprender a convivir que é, sen dubida, unha finalidade básica da educación, como recolle a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, nos parágrafos c), l) e m) do seu artigo 1, onde se establecen como principios do sistema educativo a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación, a educación para a prevención dos conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os contornos da vida persoal, familiar social, e o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Atendendo ao recollido no preámbulo da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa teremos en conta que:

- Sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, por tanto, das familias.
- É necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa - nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado .

A necesidade deste Plan de Convivencia ten como principio promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia. Pretendemos desenvolver axeitadamente as relacións entre todos os membros da nosa Comunidade Educativa, promovendo actuacións preventivas destinadas ao coñecemento dos dereitos e deberes de todos os seus membros e das normas precisas para unha convivencia respectuosa e pacífica.

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtivista e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, dunhas boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Entendemos a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe, ademais de ser o obxectivo da educación e a finalidade en si mesma. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un dos obxectivos da nosa práctica educativa.

Pretendemos implicar a todos os sectores da comunidade educativa: profesorado, familias, alumnado, persoal non docente, servizos sociais... para a súa aplicación, difusión e seguimento, desenvolvendo iniciativas encamiñadas a evitar a discriminación do alumnado, facendo fincapé no respecto mutuo e nas normas de convivencia, establecendo plans de acción positiva para garantir a integración de todos e todas.

A necesidade deste plan de convivencia basease na idea de que este proceso non pode entenderse como un conxunto de accións puntuais e independentes senón que deben vertebrarse todas as actuacións con todos os sectores da Comunidade Educativa.

A elaboración suporá a análise e valoración de (art. 11.5 do Decreto 8/2015)::

- O proxecto educativo do centro.
- A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias e da metodoloxía empregada.
- O Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.
- As normas de organización e funcionamento do centro.
- A Programación Xeral Anual.

Para establecer a convivencia, e restablecela cando rompeu, precísanse, polo menos, tres elementos esenciais:

- Un conxunto de regras que a regulen e que sexan coñecidas por todos e por todas.
- Un sistema de vixilancia que detecte os posibles incumprimentos.
- Un procedemento de corrección que se aplique cando se produzan transgresións.

Por todo o anterior, faise necesario impulsar intervencións positivas neste contorno. A través dos contidos do currículo, da análise dos conflitos e do exercicio de prácticas metodolóxicas axeitadas pódese contribuír a construír a convivencia, buscando afianzar os trazos do alumnado que son necesarios para mantela.

O conxunto de medidas e actuacións establecidas para a promoción da cultura de paz e á mellora da convivencia, no contorno dos centros educativos, basear nos seguintes principios:

- Intervención preventiva e que fomente a creación dun ambiente socio-educativo no centro, no que predomine a resolución pacífica dos conflitos.
- Participación e intervención activa de todos os axentes no deseño, planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións para a promoción e mellora da convivencia escolar.
- Corresponsabilidade e coordinación entre os distintos órganos e entidades tanto da Administración coma da comunidade educativa.
- Globalidade, de maneira que todos os elementos que compoñen a cultura de paz e que se dirixan a reducir os factores de risco e a reducir e evitar a conflictividade escolar sexan tidos en conta no desenvolvemento de todas as prácticas e actuacións que se desenvolvan na vida cotiá do centro.

A normativa vixente establece que os centros educativos elaborarán e aprobarán un plan de convivencia no que se incluírán as normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares de cada aula, e todas as medidas e actuacións que desenvolverán estes para previr, detectar, tratar e resolver os conflitos que puidesen formularse, así como outras actuacións para a formación da comunidade educativa nesta materia.

Este Plan de Convivencia ten como referencia os obxectivos xerais recollidos no art. 12 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

## **PRINCIPIOS BÁSICOS PARA O PLAN DE CONVIVENCIA**

- Entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de xeito asertivo, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade mutua, fomentando a practica de valores cívicos democráticos (respecto polas demais persoas, polo mobiliario e bens comúns, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres....)
- Partimos de que un bo plan de convivencia deseñárase sobre obxectivos preventivos.
- Entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses. A actitude coa que se enfronta a un conflito é mais importante que a do conflito mesmo.
- Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio
- Partimos da autoridade e o respecto como dous piares fundamentais que facilitan a convivencia no noso centro.
- Elaboramos un plan:
  - Integrador, porque trata de responder ás expectativas de todos os sectores da nosa comunidade educativa, contando coa súa colaboración e participación.
  - Educativo, porque todas as actuacións teñen carácter educativo e preventivo.
  - Con intención de permanencia aínda que se vaian introducindo os cambios precisos para adaptalo á nosa propia evolución educativa
  - Avaliable, para adecuar as medidas deseñadas e propoñer as correccións necesarias.
  - Construtivo, positivo e sensibilizador para fomentar a reflexión sobre as responsabilidades de cada estamento da comunidade educativa
  - Interdisciplinar e cooperativo vinculando e comprometendo a todo o profesorado como mellor garantía de eficacia
  - Adaptado a nosa realidade.

## **REFERENTES E MARCO LEGAL**

Este Plan de convivencia forma parte do Proxecto Educativo de Centro e trata de ser coherente co resto dos seus elementos. De feito, trata de concretar liñas de actuación referidas nos seguintes documentos institucionais:

- Plan de Acción Titorial

- Plan de Atención a Diversidade
- Plan de Acollida
- Plan de Orientación
- Normas de Organización e Funcionamento

Este plan nace coa intención de servir de instrumento a medio e longo prazo e non un documento a elaborar ano tras ano, aínda que se poidan concretar normas, procedementos e actividades para cada curso.

No que respecta ao seu ámbito de aplicación, é totalmente compatible coas normas de organización e funcionamento, aínda que en caso de darse algunha incompatibilidade prevalecerán as normas de organización e funcionamento. Acudirase ao Plan de Convivencia como referencia inmediata nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva e de corrección inmediata.

Para a elaboración do presente plan tomouse, como referencia a base lexislativa:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Lei 4/2011, de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4 /2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.Or
- Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos os centros educativos.

Do mesmo xeito tamén teremos en conta as medidas autonómicas para a mellora da convivencia:

- Estratexia galega de convivencia escolar 2025:
  - [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/estratexia\\_galega\\_de\\_convivencia\\_escolar\\_2025.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/estratexia_galega_de_convivencia_escolar_2025.pdf)
- Plan Proxecta

- Resolución do 22 de xuño de 2023
- Plan de benestar emocional:
  - [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar\\_emocional\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/benestar_emocional_2021.pdf)
- Educación responsable:
  - Resolución do 25 de abril de 2023
- Contratos programa:
  - Resolución do 12 de xuño de 2023
  - <https://www.edu.xunta.gal/portal/cpinclue>

## **1. ANALISE DA SITUACIÓN PARTINDO DO DIAGNOSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

### **a) CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA**

#### **Ubicación:**

O CEIP Veleiro Docampo, é un centro educativo público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Está situado na vila de Castro Ribeiras de Lea, un núcleo de poboación pequeno, de características semi-urbanas, pero en expansión. Esta localidade da comarca da Terra Cha, pertence ao Concello de Castro de Rei, na provincia de Lugo.

Administrativamente falando, Castro pertence á parroquia de Ribeiras de Lea (Concello de Castro de Rei). Sen embargo, o seu enclave real está a cabalo entre dúas parroquias: Ribeiras de Lea e Duarría.

Dende o punto de vista eclesiástico goza dos privilexios dunha parroquia, é dicir, ten o seu crego e o seu templo no centro do pobo.

A situación xeográfica é inmejorable, nun cruce de camiños en plena Terra Chá a uns 18 km de Lugo, a 30 de Vilalba e Meira, a 60 do mar e a 10 da autovía que une Madrid coa Coruña e tamén moi preto da autovía do Cantábrico

Ten un bo polígono industrial con empresas que basean a súa actividade nos produtos da terra: dous matadoiros (aves e vacún), fábricas de queixos, patacas fritas, croquetas, formigón, pedra ornamental... que moven moito capital ao final de cada ano.

Dispón dunhas excelentes explotacións agrícolas e gandeiras no seu entorno que son a elite da provincia polo seu tamaño e modernidade.

O seu mercado gandeiro, segundo no ranking de Galicia, anima a súa poboación semanalmente, revitaliza a zona e mobiliza a unha serie de persoas e personaxes de moi diversas condicións que acoden con expectativas dispares pero cun obxectivo común: repartir os euros que se espallan e moven nas diversas transaccións que ao longo da xornada se van efectuando.

O CEIP Veleiro Docampo está adscrito ao IES da localidade, situados un ao carón do outro. A localidade de Castro Ribeiras de Lea conta tamén cunha gardería, unha escola-obradoiro para persoas con dano cerebral, escola de música, biblioteca pública, granxa experimental dependente da Deputación Provincial... asociacións culturais diversas e variadas.

As actividades de ocio e deportivas están ben cubertas con boas infraestruturas e arroupadas por asociacións. Dous campos de fútbol de herba, un polideportivo pechado, dúas piscinas (de adultos e de nenos/as) e unha carballeira envexable no centro do pobo.

En canto a saúde e benestar, a localidade conta con importantes medios: un centro de atención primaria, un centro residencial para persoas maiores e persoas dependentes, un centro de día para persoas con dano cerebral...

## **b) ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA**

### **Ensinanzas:**

O centro imparte as ensinanzas correspondentes ao segundo ciclo de Educación Infantil, e á totalidade de Educación Primaria.

O número de unidades queda fixado cada ano na PXA (Programación Xeral Anual)

A xornada escolar desenvólvese en sesión única de mañá, de 9:15 a 14:15

Fundamentalmente o concello de Castro de Rei, a través das súas Escolas Deportivas poñen a disposición do alumnado unha serie de actividades extraescolares no horario de tarde, de 16:30 en adiante.

O centro conta tamén con outros servizos complementarios, como o comedor escolar e o transporte e a ANPA oferta actividades en horario extraescolar.

En canto as instalacións, conta con tres edificios. No primeiro edificio e na planta baixa están os despachos, biblioteca, sala de mestres/as, dúas aulas de Educación Infantil e aseos.

Na planta alta, atópanse 4 aulas, unha sala de ordenadores, unha aula de idiomas e unha de música, un local para departamento de orientación e aseos. Este edificio conta cun patio exterior semi-cuberto.

O segundo edificio, consta dunha planta baixa na que está o comedor e aseos. Na planta alta están 8 aulas, a aula de pedagogía terapéutica, a de audición e linguaxe e os aseos.

O centro conta tamén cun polideportivo e un patio exterior para a súa utilización polos alumnos e alumnas aquí escolarizados/as.

Esta estruturación do centro ten repercusións negativas na convivencia, ao ter que desprazarse o alumnado dun edificio a outro para asistir a clase dalgunhas áreas (música, inglés, educación física), o que orixina pequenos conflitos.

O tamaño dalgunhas aulas (especialmente as de infantil) parece demasiado reducido para poder manexar o espazo como bo recurso didáctico.

Por outra banda, dificulta a interrelación do profesorado que traballa nos distintos edificios.



c) **ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA, ASI COMO DOUTRAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DO ENTORNO**

**Contexto socio-xeográfico**

Encontrámonos nunha zona rural, pero estase a producir un cambio cara a un tipo de zona semi-urbana. O núcleo de poboación onde se localiza o centro, Castro Ribeiras de Lea, é unha vila en expansión.

Socio-culturalmente a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio.

Estase a dar un aumento de familias estranxeiras que teñen, polo xeral, un baixo nivel de idioma que afecta, aínda que non sempre, a estimulación, colaboración e axudas aos seus fillos e fillas.

**Características do persoal do centro**

O catálogo de persoal docente do centro está cuberto. Contamos cun mestre de audición e Linguaxe e a xefatura do Departamento de Orientación ámbolos dous compartidos co CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei.

O equipo de persoal non docente componse de:

- Conserxe, que depende do concello de Castro de Rei. Ao mesmo tempo fai os labores de limpeza
- Oficial 2ª de cociña
- Dous axudantes de cociña

Contamos ademais cunha coidadora que atende aos nenos/as con necesidades educativas especiais.

### **Características do alumnado do centro**

Ao centro asisten ao redor de douscentos alumnos e alumnas. A súa distribución en grupo queda reflectida cada ano na Programación Xeral Anual. Nos últimos anos apreciase unha pequena pero crecente tendencia ao aumento de matrícula.

### **Características das familias do alumnado do centro**

O nivel económico que corresponde a unha boa parte das familias do alumnado deste centro podémolo encadrar dentro dos parámetros da clase media.

Moita da poboación traballa no sector primario (agricultura e gandería). Así mesmo hai unha alta porcentaxe empregada no sector industrial e construción. O sector servizos tamén ten unha grande importancia.

Para obter datos significativos elaborouse unha enquisa, na que se tiveron en conta aspectos seguintes:

- estrutura familiar
- datos socioeconómicos das familias
- nivel socio-cultural
- hábitos de saúde
- hábitos de ocio
- implicación na vida escola
- ideoloxías predominantes

### **Relación coas familias e con outras institucións da contorna**

Entre as actuacións que se levan a cabo no centro con respecto ás familias podemos sinalar as seguintes:

- Reunión coas familias a principios de curso para informalos sobre o funcionamento da aula e do centro, programación xeral do curso, horarios, profesorado, etc.
- Información sobre os resultados escolares dos seus fillos/as.

- Entrevistas periódicas con todas as familias en xeral, e coas do alumnado que presenta baixo rendemento ou problemas de comportamento.
- Reunión informativa co alumnado do curso de sexto de educación primaria para informar e aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos ao finalizar a etapa.
- Uso da axenda escolar como vehículo de información e comunicación entre centro e as familias.
- Circulares informativas sobre a adquisición de determinados hábitos no alumnado.

Existe a ANPA que colabora na organización de actividades extraescolares.

O Concello de Castro de Rei participa no desenvolvemento de diferentes actividades relacionadas co ámbito educativo mediante distintos programas, servizos e subvencións.

#### **d) CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO: TIPO E NUMERO DE CONFLITOS QUE SE PRODUCEN E SECTORES IMPLICADOS NESTES**

**Detalle da situación e clima de convivencia e disciplina que se vive nas aulas e no centro.**

A situación actual da convivencia no centro é boa e satisfactoria. De xeito xeral non se detectan problemas graves de convivencia. Os problemas nestas idades non son causantes de grandes dificultades nas relacións interpersoais. A pesar diso, consideramos moi importantes detectalos e corrixilos dende o principio porque é mais sinxelo que en etapas posteriores.

**Nivel de cumprimento das normas recollidas no centro ou aulas.**

Con carácter xeral o cumprimento das normas é boa, aínda que sempre hai casos puntuais e illados.

O profesorado preocupase porque o alumnado teña unha actitude de respecto de cara aos compañeiros e compañeiras, mestres/as e persoal non docente. Concédese especial atención ás condutas que supoñen discriminación.

### **Tipo de conflitos que se adoitan presentar no centro con maior frecuencia.**

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Perda de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo.
- Pequenas pelexas e insultos derivados dos xogos no patio.
- Desobediencia ás ordenes educativo-formativas do mestre/a-familias.

As causas ademais da gravidade e intensidade son:

- Falta de motivación.
- Chamadas de atención de forma global.
- Dificultades na aprendizaxe.
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte das familias: non revisan se traen o material...
- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta de un referente de autoridade.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.
- Pouco dialogo individual titor/a-alumno/a, familia-alumno/a e familia-titor/a.
- Falta de habilidades do manexo de aula por parte do/a mestre/a.

Cada ano detectase que hai un grupo de pais/nais de alumnos/as que se non se lles chama ou avisa para teren un contacto co titor/a, non acoden ao centro. En moitos destes casos non escoitan o que desexarían dos seus fillos e fillas. Hai familias que tentan xustificar o comportamento dos seus fillos e fillas ou mesmo delegan no centro educativo a responsabilidade única da educación.

A falta de hábitos e normas no ámbito familiar e a pouca valoración dalgunhas familias sobre actividades e valores educativos, así como o excesivo tempo que na casa adican ás novas tecnoloxías nas horas de lecer, son algúns dos conflitos que tamén se reflicten no centro.

### **Grao de coordinación á hora de aplicar as normas e resolver os conflitos.**

Podemos indicar que o grao de coordinación á hora de aplicar as normas e resolver os conflitos por parte do profesorado é bo.

Para facer un seguimento dos conflitos que xurdan faremos fincapé nestas situacións habituais no funcionamento do centro:

- Vixilancias.
- Condutas da aula.
- Recreos.
- Entradas e saídas.
- Transporte.
- Relación coas familias.

### **Medidas que se están a tomar para solucionar o problema:**

As respostas do centro nestas situacións consisten na implicación do profesorado, alumnado e familias. Tratamos de:

- Desenvolver a provención como instrumento para a resolución de conflitos.
- Favorecer unha maior participación do alumnado na resolución de problemas.
- Procurar que todos os mestres e mestras apliquen por igual as normas de convivencia e con unificación de criterios.
- Traballar habilidades sociais para a mellora da convivencia.

### **Necesidades de formación e recursos:**

O profesorado é consciente da necesidade de formación para enfrontarse con eficacia ás novas formas e estilos que esixe a educación de hoxe, e dar respostas á situación de diversidade nas aulas: descoñecemento de linguas, resolución de conflitos, benestar emocional, xeito de entendemento coas familias dalgúns alumnos e alumnas...

E conveniente a formación en actitudes e valores que propicien a resolución dos conflitos que poidan xurdir na convivencia: profesorado, alumnado e familias.

Consideramos principalmente estas necesidades:

- Formación en convivencia positiva, intentando propiciar espazos e estruturas no marco escolar que deixen lugar a procesos de mediación de negociación e fomentar as actitudes que fan do conflito unha oportunidade de desenvolvemento.
- Formación na comprensión e manexo de situacións de agresividade e violencia.

- Formación en mediación e escoita activa.
- Formación para abordar e manexar diversas alteracións de comportamento do alumnado.
- Formación en intelixencia emocional.

Contamos con recursos ao noso alcance tanto para a formación en aspectos de convivencia como para o asesoramento en caso de consideralo necesario.

- Formación do profesorado con actividades relacionadas coa convivencia escolar e o benestar emocional.
- Grupos de traballo.
- Bibliografía sobre a convivencia.
- Banco de recursos en materia de convivencia e clima escolar.
- Asesoramento de servizos externos ao centro: Inspección educativa, servizos sociais...

#### e) **ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLO CENTRO NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA**

Ata agora no centro, para detectar previr ou reconducir as condutas desaxeitadas que se adoitan presentar véñanse realizando sistematicamente as seguintes actividades:

- **Actividades de acollida para o novo alumnado.**
- **Asembleas de clase:** o seu labor é eminentemente preventivo e van dependendo dos cursos. Realízanse sistematicamente. Nelas o alumnado e o profesor/a titor/a dialogan sobre temas como as normas de clase, normas de convivencia, actividades programadas, temas relativos á educación de valores tales como a responsabilidade, o esforzo, o compañeirismo, o respecto, a non violencia, a coeducación, o diálogo, etc., así como tamén se aproveita para formular críticas e felicitacións.
- **A caixa de correo de suxestións:** pode existir unha xeral para todo o centro, ou ben en cadansúa aula. A súa finalidade é a de facilitar a formulación de queixas e a achega de ideas, así como fomentar o espírito crítico.
- **O diálogo:** cos implicados nas diferentes situacións de conflitos leves que se adoitan presentar case a diario: durante as clases, no recreo, nos cambios de clases, e que se adoitan resolver facendo referencia ás normas e chegando a acordos cos implicados (falar, intentar aclarar as cousas, pedir perdón,...).
- **O apoio ou intervención do departamento de orientación, do coordinador/a de benestar e convivencia e do equipo directivo:** para a detección temperá de problemas

ou dificultades no alumnado, así como traballo co alumnado directamente, para reforzar as medidas ou actuacións seguidas polo profesorado, respectivamente.

- **Charlas formativas para a comunidade educativa:** realizadas por axentes exteriores o centro.
- **O Parlamento.**
- **Dinámicas de aula para o mellora da convivencia e o benestar.**
- **A información e intervención das familias** en caso necesario a través das titorías tratando de unificar criterios de actuación.
- **Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade escolar:** actividades levadas a cabo por especialistas da Garda Civil dirixidas ao alumnado e as familias sobre temas relacionados cos perigos asociados á internet, drogas, redes sociais...

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANALISE PREVIA.**

Partimos de que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo, e non só un conxunto de normas disciplinarias. As actuacións recollidas no presente plan deben favorecer obxectivos educativos estimulando cambios en todos os aspectos do individuo.

O **Plan de Convivencia**, márcase os seguintes obxectivos:

- a) Acadar unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir entre todos/as un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores entre os contidos do currículo.
- b) Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima dos demais, e ensinar ao alumnado a saber ter amigos, aplicar o sentido de medida aos feitos, saber escoitar, saber manter a mirada, iniciar, manter e finalizar unha conversa, pedir as cousas por favor, dar as grazas ou saber recoñecer as cualidades dos demais.
- c) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos e estratexias de resolución de conflitos e mediación en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia na comunidade educativa.

- d) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- e) Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- f) Facilitar a prevención, provención, detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos que puidesen formularse no centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.
- g) Promover a prevención, provención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- h) Optar pola mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- i) Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos que favorezan un bo clima nas relacións entre eles/as.
- j) Seguir ante os problemas de conduta do alumnado uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos/as os/as mestres/as, evitando contradicións que desorienten ao alumnado.
- k) Utilizar as medidas punitivas como último recursos para solucionar os problemas de convivencia, e so cando as estratexias de motivación e educativas non dean resultado ou a non intervención poida xerar males maiores. Neste caso farase coa maior prontitude e seguindo os protocolos establecidos.
- l) Fomentar a implicación das familias con actividades conducentes a apoiar esta aprendizaxe nos fogares.

Todos os nosos obxectivos dentro do Plan de Convivencia están en relación co cumprimento dos **DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**. As normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, concretan neste Plan, e segundo elas, precísanse as medidas preventivas e as correccións ou medidas disciplinarias que se aplicarían no caso de que se detecte o incumprimento das devanditas normas.

Os Dereitos e Deberes dos/as alumnos/as terán como marco xeral e de referencia a lexislación vixente (recollidos na Lei 4/2011) ao respecto en cada momento, independentemente dos dereitos e deberes constitucionais, da ONU, civís e penais, e outros legalmente establecidos.



Todos os alumnos e alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes. O seu exercicio e cumprimento adecuarase á súa idade e ás características das ensinanzas que atopen cursando. Podemos concretar a normativa nos seguintes aspectos:

- a) Asistir a clases con puntualidade e participar e esforzarse na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo.
- b) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- c) Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- d) Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- e) Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- f) Non discriminar a ninguén por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- g) Coidar e utilizar correctamente os bens e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos membros da comunidade educativa.

### **Obxectivos de prevención**

- a) MESTRE/A- MESTRE/A
  - Potenciar a formación en habilidades para neutralizar o desgaste profesional.
  - Establecer intercambios profesionais entre os docentes.
  - Proceder a través de técnicas de mediación en caso de conflito entre profesores, onde o dialogo sexa o mais importante.
- b) CENTRO-ALUMNOS/AS- FAMILIAS
  - Realizar actividades nas que estean implicados todos os integrantes da comunidade escolar.
  - Implementar xornadas culturais.
  - Invitar aos pais a que participen nalgunha actividade de aula.
- c) MESTRE/A-ALUMNO/A: Obxectivos do profesor que favorecen a aprendizaxe e a convivencia na aula:

- Axeitar ao máximo os contidos a traballar na clase, acercando o nivel real dos/as alumnos/as aos obxectivos curriculares.
- Adaptar ao máximo a metodoloxía:
  - Programar os contidos e as actividades. Non improvisar.
  - Manter ao alumnado en tarefas axeitadas as súas necesidades.
  - Uso do/a alumno/a titor/a.
  - Traballos en grupo combinando co individual.
  - Aprendizaxe cooperativo.
- Adaptar a distribución dos/as alumnos/as na clase.
  - Agrupamentos flexibles.
  - Distribución en “U” substituindo as filas de pupitres.
- Levar a cabo as consecuencias derivadas dun incumprimento dunha norma, sen delegar esta función a outros compañeiros ou compañeirosas ou ao equipo directivo, salvo circunstancias excepcionais que así o aconsellen.
- Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas.
- Implicar ao alumnado nas normas de clase, nas súas consecuencias e terá en conta o que pensan e as súas opinións
- Posibilitar espazos e tempos suficientes para que os alumnos e as alumnas falen con liberdade da disciplina e dos problemas sen que falen de problemas concretos referidos a alumnos/as concretos/as.
- Realizar unha titorización individualizada cos/as alumnos/as que manifesten alteracións do comportamento.
- Levar a cabo por parte dos/as docentes de forma apropiada e individualmente, as chamadas de atención e respecto ás condutas problema, empregando:
  - Mostrar empatía e comprensión as súas explicacións: “entendo o que me dis”.
  - Manifestar a molestia ou a queixa de maneira asertiva. Valorarase á persoa e recriminarase a conduta.
  - Establecemento claro de consecuencias.
  - Chegar a acordos ou contratos.
  - Seguir mantendo a amizade e a boa relación.
- Evitar formular cuestións individuais de conduta en gran grupo, xa que isto evitaría confrontación cos alumnos e alumnas, desvergonzamentos e castigos emocionais.
- Actuar inmediatamente ante os problemas de conduta, aplicando as medidas correctoras recollidas neste documento.

- Establecer dúas ou tres normas claras e fundamentais na aula que axuden a que o alumnado coñeza as regras de xogo.
- Ante os conflitos ambiguos ou graves, o profesorado tomará o tempo para establecer as medidas a adoptar.
- Non tomar medidas ou consecuencias que humillen ao alumnado.
- Manter o autocontrol ante condutas desafianteas ou disruptivas do alumnado xa que o contrario fomentaría a escola do conflito, chegando a perder autoridade e respecto.
- Empregar a extinción (ignorar) as condutas disruptivas de forma sistemática (sempre que apareza) consistente (da mesma forma) e no tempo suficiente (non uns días).
- Empregar o reforzo positivo de condutas alternativas (condutas positivas que se dean na aula, tanto academicamente como social).
- Empregar o modelado de si mesmo para mellorar a convivencia na clase:
  - Falar en ton de voz baixo.
  - Ser puntual.
  - Ser coherente.
- Levar a cabo un programa de habilidades sociais tendo en conta o desenvolvemento evolutivo dos/as diferentes alumnos/as o centro.

### **3. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.**

#### **Actuacións, medidas e programas para a mellora da convivencia segundo o recollido no Decreto 8/2015:**

- Actuacións organizativas, especialmente: curriculares e de coordinación. Debe considerarse especialmente.
- Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación, co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.

- a) **ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN. DEBE CONSIDERARSE, ESPECIALMENTE, A ORGANIZACIÓN DO CENTRO E DA AULA; A COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOCENTES; A PROGRAMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO; AS ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS; A AVALIACIÓN DO PROGRESO DO ALUMNADO E DA PRÁCTICA DOCENTE; E AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**1. Medidas de carácter organizativo que posibilitan a axeitada vixilancia dos espazos.**

Elaborarase un apéndice que recolla as normas que regulan a entrada e saída do alumnado do centro, do recreo, da aula para os cambios de clase, para a comunicación e control de ausencias dos alumnos... Serán revisadas anualmente e as súas modificacións incluídas na Programación Xeral Anual. Estas normas abordarán aspectos tales como:

**a) Entradas e saídas:**

- Horas oficiais de entrada e saída.
- Apertura e peche de portas.
- Disposición do alumnado para as entradas e saídas.
- Funcións do profesorado e familias en entradas e saídas.
- Horarios e normas de uso da aula de madrugadores.
- Organización para os días de choiva.
- Actuación con respecto ao alumnado que chega tarde ao centro.
- Normas con respecto á estancia nas instalacións do centro de alumnado ou familias fóra do horario establecido para iso.
- Normas respecto á puntualidade das familias á hora de recoller os seus fillos e ás súas fillas.

**b) Recreo:**

- Organización do espazo de recreo e distribución do alumnado.
- Organización do profesorado para a vixilancia do recreo.
- Normas de xogos e actividades permitidas e prohibidas durante o tempo de recreo.
- Organización do recreo en caso de choiva ou imposibilidade de utilizar o patio.

- Organización da entrada do alumnado ás clases despois do recreo.
- Normas sobre a estanza nas instalacións do centro de alumnado e profesorado durante o tempo de recreo.
- Normas de uso das instalacións e de condutas durante o recreo.

**c) Para a aula e para os cambios de clase:**

- Responsabilidade e uso de obxectos de uso persoal non apropiado.
- Actuación do profesorado nos cambios de clase.
- Actuación do alumnado nos cambios de clase.
- Uso dos servizos en tempos de clase.
- Normas sobre a estanza ou circulación de alumnos/as polos corredores en horas de clase.

**2. Medidas para a comunicación e control de ausencias dos/as alumnos/as:**

- O/a mestre/a titor/a tomará nota, ao entrar pola mañá coa súa clase, tanto das faltas de asistencia dos/as alumnos/as coma das faltas de puntualidade que se produzan. Será responsabilidade do/a mestre/a titor/a levar o control destas faltas e incidencias e da súa xustificación, anotándoas no impreso existente ao efecto.
- As faltas de asistencia do alumnado poderanse xustificar oralmente ou por escrito por representantes legais.
- Ante calquera falta sen xustificar, o/a mestre/a titor/a enviará comunicación escrita aos pais/titores.
- No suposto de caso omiso a todas estas comunicacións e de que se repitan inxustificadamente as faltas de asistencia a clase, o Equipo Directivo do centro denunciará o caso ás autoridades competentes e iniciará os trámites recollidos nos protocolos de absentismo do alumnado.
- Os alumnos e alumnas deberán comunicar ao/a mestre/a titor/a ou á dirección calquera saída que teñan que realizar do centro dentro do horario escolar. A autorización das devanditas saídas requirirá da solicitude previa dos pais/titores, por escrito.

**3. Medidas para a realización de actividades extraescolares**

- Obrigatoriedade ou voluntariedade da participación do alumnado nestas.

- Responsables da súa programación, organización e desenvolvemento.
- Normas de funcionamento ou uso das actividades do plan de apertura, se o houbese.
- Normas de comportamento do alumnado nas actividades extraescolares e posibles sancións.

#### **4. Medidas para a realización de actividades complementarias.**

- Obrigatoriedade ou voluntariedade da participación do alumnado nestas.
- Responsables da súa programación, organización e desenvolvemento. Necesidade de acompañantes e procedemento para a súa selección.
- Normas de comportamento do alumnado nas actividades complementarias e posibles sancións.
- Medidas para atender no centro ao alumnado que non participe nelas.
- Requirimento de autorización escrita das familias.

#### **5. Medidas para facilitar a integración e a participación do alumnado:**

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula no centro por primeira vez.
- Entrevista cos pais do/a alumno/a para recollida de datos.
- Período de adaptación dos/as alumnos/as de educación infantil de tres anos no mes de setembro.

#### **6. Medidas que faciliten o coñecemento por parte do alumnado das normas de convivencia:**

- Reunión cos pais e nais a principios de curso para informar sobre o funcionamento da aula, programación xeral do curso, horarios, profesorado, criterios de avaliación, etc.
- Circular ás familias e profesorado sobre normas xerais de funcionamento da escola.
- Información sobre as Normas de Convivencia do centro a través de taboleiros de anuncios.
- Elaboración a principios de curso das normas de funcionamento da clase.
- Actividades para divulgar os dereitos e deberes do alumnado e profesorado.
- Dar publicidade do Plan de Convivencia do centro a través de páxina web, taboleiro de anuncios, circulares ás familias, etc.

## **7. Medidas para favorecer a relación das familias e o centro educativo:**

- Reunión coas familias ou titores/as legais a principios de curso para informalos/as sobre o funcionamento da aula, programación xeral do curso, horarios, profesorado, criterios de avaliación, etc.
- Dedicar unha hora para a atención tutorial ás familias e/ou titores/as legais.
- Reunións trimestrais coas familias e/ou titores/as legais para informar sobre os resultados escolares.
- Sesións tutoriais coas familias ou titores/as legais daqueles alumnos ou alumnas que mostren dificultades no seu proceso de aprendizaxe, co fin de mellorar o traballo e os hábitos deste alumnado, así como aumentar a colaboración da familia.
- Entrevistas periódicas coas familias ou titores/as legais do alumnado que presente problemas de comportamento.
- Enviar ás familias ou titores/as legais información escrita sobre os traballos realizados polo alumnado para a súa supervisión.
- Charlas informativas coas familias ou titores/as legais de sexto de educación primaria para aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos.
- Uso de axenda escolar como vehículo de información tutorial entre centro e as familias ou titores/as legais.
- Información periódica sobre técnicas de estudo e hábitos de traballo para o alumnado.
- Charlas formativas sobre aspectos relacionados coa súa formación como pais e nais ou titores/as legais.
- Dar a coñecer á comunidade a través dos medios dispoñibles no centro os diferentes elementos que conforman o Proxecto Educativo do centro, así como os diferentes servizos que se prestan neste, co fin de que mellore o grao de aprecio e recoñecemento do labor educativo e formativo que este desempeña dentro do seu contorno máis inmediato e dentro da localidade.
- Escolas de nais e pais (art. 27 do Decreto 8/2015): Cando así se determine neste plan de convivencia do centro, crearase a escola de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

**b) ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, INCLUÍDA A FORMACIÓN CO OBTIVO DE MELLORAR A CONVIVENCIA ESCOLAR E A RESOLUCIÓN PACIFICA DE CONFLITOS.**

**1. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais:**

- Dar publicidade á normativa e protocolos de actuación.
- Charlas titoriais de carácter preventivo.
- Facilitar bibliografía específica do tema.
- Celebración de día da Paz e a Non Violencia (30 de xaneiro).
- Cursos sobre habilidades sociais e educación emocional.
- Seleccionar actividades extraescolares ou complementarias relacionadas coa convivencia.

**2. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres:**

- Promover o uso non sexista da linguaxe, tanto oral como escrita.
- Observar condutas, situacións, publicidade e publicacións sexistas no contorno escolar.
- Informar a comunidade educativa sobre aspectos e actividades relacionados co tema.
- Realizar actividades para celebrar o Día da Muller Traballadora.
- Reforzar a biblioteca coa adquisición de materiais (libros, vídeos, xogos, etc.) para uso de toda a comunidade educativa que incorporen unha visión non sexista da realidade.

**3. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias con relación ao desenvolvemento da tolerancia e o respecto.**

Con carácter xeral organizaranse no centro actividades conmemorativas seleccionadas entre as que se destacan as seguintes:

- Outubro:
  - día 1, Día Internacional das Persoas de Idade (ONU).
  - día 10, Día Mundial a Saúde Mental (ONU).
- Novembro:



- día 15, Día Nacional da Escoita (teléfono da esperanza)
- día 16, Día Internacional para a Tolerancia (ONU)
- día 20, Día Universal do Neno (ONU)
- Decembro:
  - día 3, Día Internacional das persoas con discapacidade.
  - día 10, Día dos Dereitos Humanos (ONU).
  - día 18, Día Internacional do Migrante.
- Xaneiro:
  - día 30, Día Internacional da Paz.
- Marzo:
  - día 8, Día das Nacións Unidas para os Dereitos da Muller (ONU);
  - día 21, Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial (ONU).
- Maio:
  - día 15, Día Internacional das Familias (ONU).
- Xuño:
  - día 5, Día do Medio Ambiente.

#### **4. Necesidades de formación da comunidade educativa**

A formación dos membros da comunidade educativa seguirá a mesma canle que para o resto de necesidades de formación do proceso de ensino.

- O departamento de orientación educativa asesorará na elaboración e desenvolvemento do plan de acción tutorial e do plan de convivencia. Estas actuacións incluíranse no correspondente plan anual de traballo.
- Os centros de formación do profesorado (CFR) promoverán a formación do profesorado no seo do propio centro educativo e a creación de grupos de traballo e de redes de centros educativos e de profesorado que desenvolvan accións formativas dirixidas especificamente a mellorar a súa cualificación no contorno da educación para a cultura de paz, a mellora das prácticas educativas en relación coa convivencia escolar, a igualdade entre homes e mulleres, a mediación escolar e a resolución pacífica dos conflitos.
- A Administración educativa facilitará a formación dos equipos directivos dos centros, da inspección educativa, dos membros dos equipos de orientación educativa, dos/as coordinadores/as de benestar e convivencia e das asesorías dos Centros do Profesorado,

así como do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, nos contidos e competencias que se requiren para a promoción da cultura de paz, a mellora da convivencia, a mediación e a resolución pacífica dos conflitos.

- A Consellaría de Educación favorecerá a formación dos pais e nais do alumnado dos centros educativos, especialmente dos delegados e delegadas de pais e nais, en aqueles contidos e competencias que lles permitan a promoción da cultura de paz e a prevención da violencia e a mellora da convivencia nos contornos familiar, escolar e social, e en particular, para levar a cabo tarefas de mediación para a resolución pacífica dos conflitos. Para tales efectos, impulsará a creación de escolas de pais e nais.
- A Administración educativa potenciará a celebración de actividades formativas conxuntas nas que participen pais e nais do alumnado, profesorado e equipos directivos, encamiñadas ao fomento da cultura de paz e á participación da comunidade educativa nos centros docentes.
- Promover, por parte do/a docente coordinador/a de benestar e convivencia, plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa no centro educativo como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

**c) ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á PREVENCIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA, INCLUÍNDO A DIFUSIÓN DE NORMAS E ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E PROTOCOLOS DE DETECCIÓN TEMPERÁ.**

No CEIP Veleiro Docampo levaranse a cabo as seguintes actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia:

- Presentación e coñecemento das normas de convivencia en cada titoría.
- Elaboración en cada clase das normas que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do centro (serán poucas, claras, redactadas en primeira persoa do plural, controlables e avaliáveis)
- Coñecer as accións reparadoras. Deben estar relacionadas coa falta e ser proporcionais. Teñen que ser reparadoras e próximas na tempo.
- Comunicación aos pais/nais e/ou titores/as legais de cada titoría das devanditas normas.

- Traballar en cada titoría a convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- Habilitar un lugar de consenso para que poidan poñerse de acordo na resolución dun conflito.
- Exercitar na aula diálogos de escoita activa que favorezan a resolución de conflitos

### **1. Actividades para favorecer o bo trato:**

- Prestar os xoguetes.
- Acompañar ao baño.
- Saudar e despedirse.
- Pedir axuda e dala.
- Agradecer favores que che fan.
- Eloxar as cualidades alleas.
- Defender os seus dereitos correctamente.
- Pedir perdón e perdoar.
- Mirar a cara e saudar.
- Pedir por favor e dar as grazas.
- Dramatizar situacións de amabilidade.
- Evitar xestos que poidan ofender.
- Interesarse polos demais cando teñan algún problema.
- Pedir e aceptar desculpas.
- Tratar con respecto a todos.
- Evitar malas contestacións.
- Ceder o paso a compañeiros/as e adultos/as.

### **2. Actividades para favorecer o dialogo:**

- Saber presentarse.
- Estar atento/a a cando fala un compañeiro ou compañeira.
- Aprender o nome das persoas coas que trata.
- Falar sen interromper.
- Falar con respecto e non molestar.
- Reflexionar.
- Adoptar posturas axeitadas, mirar para a persoa coa que se fala.
- Escoitar.

- Levantar a man, respectar as quendas de palabra.
- Dramatización de situacións conflitivas e solucións mediante o dialogo.
- Pedir perdón por interromper unha conversa.
- Falar con naturalidade, sen berrar.
- Utilizar o dialogo para resolver problemas.
- Mostrar interese polo que din os demais.
- Respectar as opinións e as propostas dos demais.
- Ceder a palabra.

### **3. Actividades para favorecer as relacións interpersoais:**

- Felicitar as actuacións positivas.
- Diálogos.
- Preocuparse polo estado de ánimo dos demais.
- Pedir e prestar axuda correctamente.
- Consensuar as normas.
- Colaboración nas tarefas.
- Non contestar con malos modos.
- Falar co ton de voz axeitado.
- Obedecer aos adultos: pais/nais, titores/as legais, mestres/as...
- Respectar o quenda de palabra.
- Chamar polo nome.
- Atender na clase e seguir as indicacións do profesorado.

### **4. Actividades para facer amigos/as:**

- Compartir e prestar as cousas.
- Xogar cos/as compañeiros/as sen violencia.
- Pedir desculpas.
- Falar cos/as compañeiros/as para entendernos.
- Interesarse polo que lle ocorre aos compañeiros e compañeiras.
- Destacar cualidades positivas dos/as compañeiros/as.
- Permitir que todos os/as nenos/as participen nos xogos.
- Respectar as cualidades, gustos, intereses e opinións dos demais sen impoñer os nosos.

### **5. Actividades para favorecer os bos sentimentos:**

- Poñerse no lugar do/a outro/a cando non teñen entendemento.
- Axudar a quen esta triste, enfadado/a.
- Potenciar a autoestima.
- Ser capaz de amosar as nosas emocións e sentimentos respectando as dos demais.
- Saber controlar as emocións en situacións conflitivas, evitando enfados.
- Utilizar o dialogo para arranxar situacións de conflitos.

**d) PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, A DETECCIÓN E O TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, QUE INCORPORARÁ, COMO MÍNIMO, AS SEGUINTE PREVISIÓNS:**

Segundo o establecido no art. 28 da Lei 4/2011, considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, independentemente do lugar onde se produza.

Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

**Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar** (art. 30 da Lei 4/2011). O plan de convivencia incorporará, como mínimo:

- 1) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar.
- 2) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- 3) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso.
- 4) Nos supostos menos graves favorecerase a mediación.

Concretámolas a continuación:

1. **Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.**

Cando se presente unha situación na que exista a posibilidade de que se estea a producir unha conduta de acoso seguiremos os seguintes pasos:

- **Identificación, comunicación e denuncia da situación:** calquera membro da comunidade educativa que teña sospeita dunha situación de acoso ten a obriga de poñelo en coñecemento dun mestre ou mestra, titor/a, coordinador/a de benestar e convivencia, responsable do departamento de orientación ou do equipo directivo, segundo o caso e o membro da comunidade que teña coñecemento da situación. En calquera caso, quen reciba a información sempre a poñerá en coñecemento da dirección ou dalgunha persoa do equipo directivo.
- **Actuacións inmediatas:** despois da comunicación reunirse o equipo directivo, titor/a e a persoa responsable de orientación para analizar e valorar a intervención necesaria. Tamén poderán contar coa presenza do/a coordinador/a de benestar e convivencia.
- **Medidas de urxencia e recollida de información:** se se estima necesario, adoptaranse as medidas de urxencia que se requiran para protexer a vítima de abuso/acoso ou tamén para evitar que se repitan.
  - **Medidas que garantan a inmediata seguridade así como as medidas de apoio e axuda:** Vixilancia de espazos de risco, solicitar axuda de compañeiros/as, entrevista coa vítima por parte da persoa que ofrezca maior confianza, con cautela e de forma confidencial, para obter información dos feitos, transmitirle apoio..
  - **Medidas co alumnado agresor unha vez confirmado o abuso ou intimidación:** deixar claro que non se vai a permitir e que haberá sanción se e o caso. Tamén servirá para analizar as repercusións na vítima e posibles causas que provocan a súa forma de comportarse. Incluirá un ofrecemento de axuda para cambiar as actitudes non desexables (compromiso, contrato... ou se e o caso, pedirle que suxira alternativas)

Adoptadas as medidas de urxencia, o equipo directivo completará a información sobre o feito de seguintes fontes:

- Información existentes sobre o alumnado afectado e observación sistemática dos indicadores sinalados: en espazos comúns, no aula, actividades extraescolares e complementarias,
- A dirección solicitaralle ao departamento de orientación que complete a información en colaboración co titor/a. Efectuarase unha observación do/a alumnado/a afectado/a,

contrastando os datos coas opinións de compañeiros/as ademais da facilitada polo alumnado afectado e tamén mediante entrevistas coas familias.

- Durante o proceso debe terse e conta que se garanta a protección dos/as menores e se preserve a súa intimidade e a das familias. Que se actúe de forma inmediata e se trate de crear un clima de confianza entre os/as menores recollendo todo tipo de probas e indicadores.
- Recollida toda a información, o equipo directivo ou o/a mediador/a elaborará un informe cos datos obtidos contrastando a información achegada polas diferentes fontes.
- Traslado a familia. O/a titor/a e a persoa responsable de orientación, previo coñecemento do equipo directivo, mediante entrevista, poñerá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, achegando información sobre a situación e sobre as medidas que se entean adoptando.
- Traslado ao resto de profesionais que atenden ao alumnado acosado. A dirección informará da situación ao equipo docente implicado e a persoa coordinadora de benestar e convivencia. Se se estima oportuno, tamén se lle comunicará ao resto do persoal do centro e a instancias externas.
- Aplicación de medidas disciplinarias recollida e contrastada a información: a dirección adoptará co alumnado agresor as medidas establecidas a tal efecto nas normas de convivencia.
- Comunicación a comisión de convivencia: a dirección trasladará o informe e as medidas adoptadas a comisión de convivencia para o seu coñecemento.
- Comunicación a inspección educativa e á xefatura territorial se a gravidade o require: a dirección remitiralle igualmente o informe o servizo de inspección cando a situación o requira, e unha comunicación inmediata se a situación é grave.
- Elaboración dun plan de actuación por parte da dirección: será elaborado en colaboración cos servizos da consellería pertinentes para cada caso concreto, definindo as medidas a aplicar no centro, na aula afectada e as medidas co alumnado en conflito, que garantan o tratamento individualizado tanto da vítima coma agresor/a e dos espectadores. Todo isto sen prexuízo de que se apliquen as medidas correctivas recollidas nas normas de organización e funcionamento.
- Os obxectivos deste plan serían. Impedir que continúe o abuso, determinar as responsabilidades do alumnado, das familias e do persoal do centro nas accións previstas, organizar os recursos, temporizar as medidas e planificar a avaliación do plan.

O plan recollera:

- **Actuacións co alumnado acosado:** de apoio e protección, derivación e seguimento a servizos sociais se procede, así comoo traballo relativo a habilidades sociais...
- **Actuacións co alumnado agresor:** aplicación da medidas establecidas no plan de convivencia, programadas de modificaron de conduta, compromiso contrato, axuda persoal, derivación e seguimento nos servizos sociais.
- **Actuacións cos/las espectadores/las:** actividades de sensibilización, programa de habilidades sociais, mediación...actuacións coas familias: orientacións sobre como axudar a fillos/as vítimas ou agresores, comunicación sobre o apoio ao proceso educativo, sobre apoios externos...actuacións coas familias. Orientacións sobre como axudar a fillos e fillas vítimas ou agresores, comunicación sobre o apoio ao proceso educativo, sobre apoios externos...
- **Actuacións co profesorado e persoal non docente:** orientacións sobre o manexo na aula, sobre indicadores e detección e intervención, programas de mediación...
- **Seguimento do plan:** Establecer tempos de reunións de profesionais implicados, familias...
- **A avaliación do plan:** reunións do profesionais, cuestionarios, entrevistas, observación dos indicadores utilizados.
- **Responsables das diferentes actuacións**
- **A dirección responsabilizarse** de que se leven a cabo a medidas previstas informando ao consello escolar, a comisión de convivencia, ao coordinador/a de benestar e convivencia, as familias e a inspección do grao de cumprimento das mesmas e da situación escolar do alumnado.
- **Comunicación as familias** proporcionándolles información confidencial sobre as medidas adoptadas.

## 2. **Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.**

Segundo o recollido no artigo 29 da Lei 4/2011 de Protección integral das vítimas:

- A dirección, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral.
- Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.



3. **Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.**

Estaremos ante unha situación de acoso escolar cando se producen de xeito simultáneo as seguintes situacións:

- Intención de facer dano, sen importar causar dor ou sufrimento.
- Desequilibrio de forzas entre a persoa acosadora e a vítima.
- Ausencia de provocación da persoa agredida.
- Conduta agresiva e reiterada no tempo.

***No caso de que calquera membro da comunidade educativa coñeza a existencia de indicios razoables dunha situación de acoso escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento do equipo directivo.***

A partir deste momento hai que realizar os seguintes pasos:

- A dirección do centro redactara un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos a través dun proceso de investigación que abranguera a observación directa e sistemática, e as entrevistas co profesorado, coas familias e co alumnado
- No caso de que se abra un expediente disciplinario, a instrución levarase a cabo por un mestre designado pola dirección do centro. Na instrución do expediente darase audiencia ao alumnado implicado e aos seus pais ou representantes legais comunicándolles as condutas observadas. O instrutor do expediente elevará, logo da investigación, a súa resolución á dirección do centro tal e como se recolle do Decreto.
- A dirección do centro informará ao Consello Escolar dos feitos e dos proceso que está a seguir, así como das medidas correctivas que se propoñen para que sexan aprobadas polo consello.
- O/a titor/a e o equipo directivo realizarán unha entrevista individual con cada unha das familias do alumnado implicado para informalas sobre as medidas adoptadas.

No centro tomaranse as seguintes medidas de actuación:

- Disciplinarias cautelares: aplicación das medidas contidas nas normas de convivencia.
- Paliativas: para minimizar os efectos negativos da situación de acoso. Trátase de apoiar directamente ao alumno afectado como vítima.
- Sensibilizadoras: dirixidas á sensibilización da comunidade educativa.

O Departamento de Orientación apoiara o proceso complementando medidas como a realización de programas de modificación de conduta ou proporcionando as familias a través de entrevistas, pautas de intervención no fogar.

Periodicamente manteranse reunións co alumnado afectado e coas súas familias valorando as medidas adoptadas e, se procede, a súa modificación

**e) MEDIDAS QUE SE PODEN APLICAR NO CENTRO PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER OS CONFLICTOS QUE POIDAN XURDIR, ENTRE AS CALES SE INCLUIRÁN OS COMPROMISOS DE CONVIVENCIA, AS ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E QUE CONTRIBÚAN Á DETECCIÓN DA CONFLITIVIDADE E A CONCILIACIÓN OU MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS QUE PUDESEN XURDIR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NESTE DECRETO.**

É importante destacar que con independencia dos contidos obxecto das normas de organización e funcionamento, estas non poden perder nunca a perspectiva da súa finalidade última, que non é outra que facilitar a convivencia grupal no centro, compartir, acordar e realizar tarefas en común para mellorar a colectividade. Trátase, pois, máis de previr que de intervir; de crear un ambiente sensible e cordial para a acción en común máis que de regulamentar cantas actividades se realicen.

O Consello Escolar, a Comisión de Convivencia, os órganos de goberno, a persoa coordinadora de benestar e convivencia, o profesorado e os restantes membros da comunidade educativa porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, establecendo as medidas educativas e formativas que se consideren necesarias.

Do mesmo modo, poderase requirir aos pais, ás nais ou aos representantes legais do alumnado e, no seu caso, ás institucións públicas competentes, a adopción de medidas dirixidas a modificar aquelas circunstancias que poidan ser causa directa ou indirecta de actuacións contrarias ás Normas de Convivencia.

Este conxunto de medidas terá como finalidade primordial mellorar a convivencia, previr a violencia e resolver de forma pacífica os conflitos que puidesen formularse no centro.

#### **a) Conciliación:**

O/a titor/a do grupo de alumnos/as será a persoa responsable de intentar que as partes implicadas no conflito se reconcilien, incitando ao diálogo para reflexionar sobre o que pasou e buscar unha solución satisfactoria para ambas partes a través dun proceso de negociación.

Se no momento en que se producen os feitos o/a titor/a non é o que está impartindo clase, será responsable o/a mestre/a que nese momento imparte docencia.

No caso de que o conflito se produza no lecer será responsable o/a mestre/a de garda.

Por último, se o incidente se produce no comedor, serán os responsables das súas vixilancia os que terán que intervir.

#### **b) Mediación:**

Mediación escolar (art. 26 do Decreto 8/2015):

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio.
2. Poderemos utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.
3. Neste plan de convivencia inclúense as directrices para a creación da figura do mediador/ra, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.
4. Nos supostos menos graves de situación de acoso favorecerase a mediación.

En resumo, consiste na intervención dunha terceira persoa allea e imparcial ao conflito e sen poder de decisión.

A persoa encargada da mediación no centro será designada pola dirección do centro, procurando que sexa o mais imparcial posible que contará con horas adicadas á convivencia no seu horario.

O/a mediador/a tratará de:

- Clarificar o proceso e crear un ambiente de respecto.
- Axudar as dúas partes do conflito a analizar a situación e entender o punto de vista do outro/a.
- Favorecer a comunicación entre as partes para resolver o conflito.
- Axudar a comprender ás partes a importancia do diálogo na resolución dos conflitos.
- Deixar que as partes propoñan solucións ao conflito, mostrando o seu acordo ou desacordo sobre as mesmas e propoñendo, no seu caso, alternativas distintas.
- Contrastar o cumprimento dos acordos e valorar a participación e implicación das partes.

As sesións de mediación procuraranse realizar nun ambiente en que os protagonistas non se atopen exaltados/as.

Todos os aspectos importantes que sobre a resolución do conflito se produzan durante a sesión quedarán reflectidos nun caderno de mediación, no que ademais anotaremos o nome dos asistentes á reunión e as propostas de solución do conflito que de modo consensuado se acadaron.

### **c) Compromisos de convivencia**

A súa principal finalidade é a de establecer mecanismos de coordinación co profesorado e outros profesionais que atenden ao alumno ou alumna e de colaborar na aplicación de medidas que se propoñan, tanto no tempo escolar coma no tempo extraescolar, para superar unha determinada situación.

Con eles tratarase sempre de potenciar o carácter preventivo das posibles situacións de alteración da convivencia que se puidesen presentar, ou para previr o seu agravamento.

O Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro para garantir a súa efectividade e propoñer a adopción de medidas e iniciativas en caso de incumprimento.

Estes compromisos serán subscritos co centro por iniciativa das familias ou da titoría do alumnado que presente problemas de conduta e de aceptación das normas escolares.

O mestre/a titor/a trasladará á dirección do centro calquera proposta de compromiso de convivencia, con carácter previo á súa subscrición, para que este verifique o cumprimento das condicións previstas no Plan de Convivencia para a aplicación desta medida. E unha vez verificadas as condicións, a dirección do centro autorizará o titor ou titora para que o subscriba.

Dos compromisos de convivencia autorizados quedará constancia por escrito seguindo o modelo establecido na normativa ao respecto, e neste indicaranse as medidas concretas que se acorden para superar a situación de rexeitamento escolar que presenta o alumnado, as obrigas que asume cada unha das partes para o desenvolvemento das devanditas medidas e a data e as canles de avaliación da súa efectividade. Así mesmo, deberá quedar constancia da posibilidade de modificar o compromiso, en caso de incumprimento por algunha das partes ou de que as medidas adoptadas non dean o resultado esperado.

A dirección do centro informará a Comisión de Convivencia sobre os compromisos de convivencia que este autorizara, a cal iniciará o seu seguimento e garantirá a súa efectividade, podendo propoñer a adopción de medidas e iniciativas en caso de incumprimento, entre as que se poderá contemplar a súa anulación.

As situacións en que poderá aplicarse esta medida serán aquelas en que a simple acción titorial do profesor/a non sexa suficiente para conseguir un cambio e unha mellora nas condutas contrarias á convivencia que se observaran no alumno/a en cuestión.

O compromiso irá dirixido a alumnado que:

- Habitualmente non acepta as normas na aula ou no centro.
- Con moitas faltas de asistencia que dificultan o seu desenvolvemento académico e integración.
- Con problemas de atención e aprendizaxe que inflúan no seu comportamento .
- Que a familia colabora.

Con este instrumento pretendemos tratar problemáticas relacionadas con:

- Asistencia ao colexio sen o material preciso.
- Realización de tarefas na casa.
- Comportamento.

Pasos a seguir para o seu desenvolvemento:

- O/a titor/a subscribe o compromiso por propia iniciativa, por suxestións do equipo docente ou da familia.
- No compromiso establécense os obxectivos, as medidas, as obrigacións de cada parte, as datas de revisión e de contacto coa familia, así como os procedementos para valorar a efectividade. Informarase ao equipo educativo e á xefatura de estudos e cada mestre/a valorara o comportamento durante a súa hora de clase, podendo realizar observacións.

#### **d) Contrato de conduta.**

A súa finalidade e a mesma que o compromiso, pero para incidir en aspectos de conduta e de realización de tarefas académicas. Tamén precisa, non so o compromiso do/a neno/a, senón da familia.

#### **e) Axuda entre iguais.**

Tal o como indica o seu nome será unha fórmula colaborativa entre iguais.

#### **f) Encargado de alumnos/as:**

O alumnado do centro poderá ter canles de participación directa a través dos encargados/as da clase.

Son funcións do encargado da clase:

- Representar e defender os seus compañeiros e compañeiras de aula; estes respectarano como tal.
- Ser canle de comunicación entre a aula e mestres/as, equipo directivo...
- Outras que no seu momento lle delegue un mestre o mestra, tal como: control de asistencia de alumnos/as, orde da clase...
- Colaborar co/a mestre/a titor/a na organización interna da súa clase.
- Pechar as portas das aulas ás saídas dos recreos.

#### **g) Delegados/as de nais e pais**

O Decreto 8/2015 no seu artigo 27 fala das Escolas de nais e pais e di: Cando así se determine no plan de convivencia de cada centro, poderán crearse as escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo

No noso centro falamos dos/as delegados/as de nais e pais. Esta figura, que se podería crear, ten por obxecto facilitar a implicación das familias na mellora da convivencia escolar.

De ser o caso, o delegado ou delegada de pais e nais existirá en todas as unidades escolares da etapa e será elixido para cada curso escolar, por sufraxio directo e segredo, por maioría simple, de entre os pais e nais do alumnado de cada unidade escolar. En primeiro lugar pedirase que algúns pais se ofrezan voluntariamente para ser elixidos. En caso de que non os haxa, o/a mestre/a titor/a solicitará nos días posteriores a unha ou dúas persoas a súa colaboración e disposición para ocupar ese posto.

A elección do delegado ou delegada de pais e nais, levarase a cabo na reunión que, de acordo coa normativa vixente, cada titor ou titora celebrará antes da finalización do mes de novembro con todos os pais e nais do alumnado.

A condición de delegado/a perderase ao finalizar o curso, a petición propia ou en caso de non cumprir coas súas funcións e deberes como representante dos pais e nais.

Ademais das legalmente establecidas, son funcións dos/as delegados/as para a mellora da convivencia e a prevención da violencia as seguintes:

- Servir de interlocutor entre os pais, nais ou representantes legais dos alumnos/as coa persoa responsable da tutoría da correspondente unidade escolar.
- Manter unha relación permanente co equipo directivo e profesor titor/a do curso para informarse de todos os asuntos do centro en xeral e do curso en particular que atinxan aos alumnos/as do seu curso.
- Canalizar o apoio que poida necesitar o profesor/a titor/a nas actividades que requiran da súa participación ou a doutros pais de familia.
- Colaborar co profesor/a titor/a na convocatoria das reunións e asembleas de pais e nais que realice.
- Motivar á participación activa dos pais e nais e mantelos/as informados periodicamente dos principais acontecementos do curso e do colexio en xeral.
- Actuar como mediadores na resolución pacífica de conflitos entre o propio alumnado ou entre este e calquera membro da comunidade educativa.
- Asesorar nais e pais sobre o procedemento a seguir en caso de reclamacións, suxestións ou queixas: en primeira instancia, o pai ou a nai deberá dirixirse directamente ou a través de o seu delegado/a ao profesor/a correspondente. En caso de non chegar a un entendemento, poderán recorrer á Xefatura de Estudos ou á Dirección do Centro.
- Participar en todas as reunións de delegados ou de pais que organice o Colexio, o Ciclo ou a Asociación.

#### **h) Correccións e medidas disciplinarias**

Ambos os dous aspectos desenvolveranse conforme á normativa vixente. As correccións que haxan de aplicarse polo incumprimento terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa:

- A amoestación privada e verbal da/a mestre/a, do/a titor/a ou do/a Xefe/a de Estudos e o compromiso de modificación da súa conduta.



- A amoestación por escrito do/a mestre/a, do/a titor/a ou do/a Xefe/a de Estudos e comunicación aos pais/nais ou tutores/as.
- Quedar sen recreo.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Rectificación pública cando proceda.
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases. Durante o tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro. Durante o tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Para os efectos de tipificación da gravidade das condutas, considerarase como:

- Circunstancias paliativas:
  - O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
  - A falta de intencionalidade.
- Circunstancias actantes:
  - A premeditación e a reiteración.
  - Causar dano, aldraxe ou ofensa aos compañeiros/as de menor idade.

#### **4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.**

**Identificado un posible caso de acoso escolar o ciberacoso seguirase o protocolo de acoso escolar da Consellería de Educación.**

#### **5. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS**

## DESTINATARIAS E DOS PROCEDIMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

### 5.1. Normas da aula e do centro:

As normas xerais do centro polas que nos rexemos son as que aparecen nas normas de convivencia posteriormente redactadas.

- Establecemos unhas de carácter básico común a todo o centro.
- Elaborámolas en colaboración co alumnado, colaboración que se axeitará conforme á idade do devandito alumnado.
- Como toda norma, ira a acompañada das correspondentes consecuencias.

### 5.2. Medidas para previr os conflitos:

- **Actividades para facilitar a participación e integración do alumnado.**
  - **Acollida ao alumnado de novo ingreso:**

Seguirase o establecido para o período de adaptación para o alumnado de 4º de educación Infantil, así como aquel procedemento que se incorpore no Plan de Atención ao alumnado procedente do estranxeiro. Desenvolveranse actividades no contexto da titoría no caso de que se produzan incorporacións a un curso non previsto no plan de adaptación.
  - **Coñecemento por parte do alumnado das normas, dereitos e deberes e correccións:**

a este fin utilizaranse tempos dedicados á titoría.
  - **Accións tendentes a fomentar os valores democráticos mediante actividades como son a elección de representantes na Comisión da Convivencia.**
  - **Accións dirixidas a incidir na educación en valores e na mellora do entorno físico como é o traballo de recollida de lixo no patio.**
  - **Desenvolvemento do plan de acción titorial.**
- **Actividades para favorecer a relación familia-escola**
  - **Procedemento para que se coñezan as normas do centro:**

Utilizaranse como canle de comunicación as reunións iniciais e tamén outras periódicas, as entrevistas individuais, información na web do centro e folletos ou notas informativas.

- **Información sobre acoso, intimidación, abuso entre iguais e medidas:** Información proporcionada tanto en reunións grupais como individuais.
- **Actividades para a sensibilización fronte ao acoso ea intimidación entre iguais:** Trataremos de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais e poderemos desenvolver na aula actividades con carácter máis puntual como o día da paz

- **Medidas organizativas do centro.** Nas normas de convivencia incluímos finalidades relacionadas co rexeitamento de condutas discriminatorias, educación para a resolución pacífica de conflitos, coordinación e cooperación entre o profesorado, fomento do traballo cooperativo... Están incluídas:

- Funcións e competencias do diferentes órganos e profesionais que traballan no centro e criterios de adscrición do profesorado, criterios para completar horarios se é o caso.
- Dereitos e deberes dos distintos compoñentes da comunidade educativa organización de vixilancias, entradas e saídas así como os cambios de clase. Estes dereitos e deberes aparecen recollidos na Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación de la comunidade educativa no seu Título II.
- Canles de comunicación entre os diferentes órganos e profesionais que traballan no centro.

Debemos establecer e ou clarificar:

- As liñas de comunicación entre profesionais que traballamos no centro cas canles de comunicación cos servizos e institucións externas.
- O procedemento para informar sobre as normas do centro aos profesionais que acceden por primeira vez ao mesmo.

- **Medidas de atención a diversidade:**

- Criterios para a distribución do alumnado.
- Actividades realizadas en colaboración con diversas institucións e fundamentalmente en formato obradoiro, que inciden en distintos ámbitos (corresponsabilidade, saúde..)

- Colaboración e asesoramento do departamento de orientación naqueles aspectos que se lle require, ademais de ofrecendo suxestións de cara a intervención na titoría e atención por parte do profesorado de PT e AL ao alumnado con NEE.
- **Programa de actividades e tarefas:** No PAT, incluído no Plan de Orientación, recóllense accións coas que se pretende promover valores de convivencia con referencias explícitas a:
- Coñecemento do alumnado en relación con diferentes ámbitos e favorecemento da integración do alumnado no grupo, contribución a formación do alumnado en relación coa resolución de conflitos, toma de decisións, así como na tolerancia, respecto...
  - Promover a participación das familias, asesorando e informando naquilo que poden colaborar en relación cos seus fillos e cas súas fillas: autonomía, valores, normas...

### **5.3. Adopción de acordos entre o alumnado implicado en conflitos:**

A intención desta estratexia é que o alumnado inmerso nun conflito de intereses aprenda a solucionar os problemas tratando de chegar a un compromiso.

## **6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO UN PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DESTAS.**

Incluimos aquí o conxunto de normas de convivencia e comportamentos que desexamos que todo o alumnado mostre durante a súa estanza no centro, tanto dentro do horario escolar como do extraescolar.

Estas normas de convivencia segundo o artigo 124 da LOMLOE:

- Serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.
- Os membros do equipo directivo e os mestres e mestras seremos considerados autoridade pública.
- As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidamos elaborar as nosas propias normas de organización e funcionamento.

Tal e como se recolle no artigo 19 do Decreto 8/2015, estas normas:

- Terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Concretarán os dereitos do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento.
- Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro, ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e a dos demais membros, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas.
- Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, poderíanse establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica. (Orde do 4 de xaneiro de 2024 sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros Educativos)

Entre as normas de convivencia a contemplar propóñense aquí as seguintes:

**a) Respetto ás entradas, saídas e estanza no centro:**

- Asistir a clase con puntualidade e regularidade.
- Asistir a clase ben aseado e con vestimenta apropiada.
- Saudar ao entrar e saír da clase.
- Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
- Ceder o paso en entradas e corredores aos compañeiros e compañeiras máis pequenos e aos adultos/as.
- Pedir as cousas aos compañeiros e compañeiras, mestres/as, persoal non docente...: "por favor", e dar "as grazas".
- Utilizar en clase un ton de voz suave.
- Respetar a quenda de palabra.

**b) Respetto aos compañeiros e ás compañeiras:**

- Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa en xeral e en particular aos compañeiros e ás compañeiras.
- Practicar pedir perdón ou desculpas ao facer algo que non é correcto, e facer un esforzo por perdoar os/as outros/as.
- Non excluír nin marxinar ningún compañeiro e/ou compañeira nos xogos.

- Utilizar o diálogo para resolver os conflitos, evitando as pelexas e enfados cos compañeiros e compañeiras.

**c) Respecto aos materiais:**

- Coidar e respectar os materiais propios, dos/as compañeiros/as e do centro.
- Compartir os materiais e xoguetes cos/as compañeiros/as.
- Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
- Recoller e ordenar os materiais e o mobiliario utilizados.
- Respectar o traballo do/a compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.

**d) Respecto ao traballo:**

- Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
- Respectar o ambiente de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
- Atender en clase e seguir as orientacións do profesorado.
- Realizar o traballo con bo humor, alegría e optimismo.
- Ser responsable do estudo, esforzarse e facer as tarefas de casa.

**e) Respecto ao uso dos móbiles:**

- Cumprir ca prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos e a totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos. (Considerase períodos non lectivos o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares).

Tal e como di a normativa vixente, poderanse establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisadas polos/as mestres/as.

**f) Outras:**

- Cumprir as medidas correctoras ou tarefas impostas.

O incumprimento das normas de convivencia dará lugar á súa consideración como condutas contrarias gravemente prexudiciais para a convivencia.

#### **Axentes responsables da convivencia escolar:**

– A comunidade educativa (art. 4 do Decreto 8/ 2015):

1. Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro.

2. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

– O consello escolar. Funcións (art. 127 da LOMLOE)

–A comisión de convivencia (art. 6 do Decreto 8/2015):

– Persoa coordinadora de benestar e convivencia (art. 124 da LOMLOE)

–O claustro de profesorado.

- Funcións (art. 129 da LOMLOE)

- Funcións (art. 7 do Decreto 8/2015)

–O equipo directivo.

- Funcións (art. 8 do Decreto 8/2015):

- Órganos de coordinación docente.

- Funcións (art. 9 do Decreto 8/2015):

#### **7. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NESTE DECRETO EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA QUE SEXA DE APLICACIÓN.**

Das **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia e da súa corrección recollidas no artigo 38 do Decreto 8/2015.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

**Atendendo ao disposto no Artigo 39 do Decreto as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:**

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.



d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

**Condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección** (Artigo 42). Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

**Medidas correctoras As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:**

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

**Aplicación das medidas correctoras:** A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Segundo o reflectido no Decreto 8/2015, os/as responsables da aplicación das medidas correctoras, a **imposición das medidas correctoras de condutas leves** contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a

súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

## **8. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.**

### **a) Composición**

A **Comisión de Convivencia** de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia concretarase neste plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Anualmente, a comezos de cada curso, o Consello Escolar do centro revisará a composición desta comisión, actualizando ou renovando no seu caso, aqueles membros que sexan necesarios, xa sexa por celebrarse renovación dos membros do Consello Escolar, ou por concorrer a baixa dalgún deles.

### **b) Calendario de reunións**

A Comisión de Convivencia celebrará cada curso as seguintes reunións de carácter periódico:

- Reunión ao inicio do curso para revisar o Plan de Convivencia de acordo coas propostas de mellora que se recollan na memoria final do curso no capítulo correspondente.
- Reunión á metade do curso para facer un seguimento das actuacións desenvolvidas durante o primeiro trimestre e das correccións e medidas disciplinarias impostas, informando posteriormente diso o Consello Escolar.
- Reunión a finais de curso para facer un seguimento das actuacións desenvolvidas durante o terceiro trimestre e das correccións e medidas disciplinarias impostas, informando posteriormente diso o Consello Escolar. Nesta reunión realizaranse a valoración dos avances que se vaian producindo no seu desenvolvemento, a identificación das dificultades que xurdiran e a proposta ao Consello Escolar das medidas de mellora da convivencia que considere oportunas.

### **c) Plan de actuación**

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## **9. COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA**

Segundo o indicado no artigo 4 da ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, o plan de traballo do/a **coordinador/a de benestar e convivencia** inclúese dentro do Plan de Convivencia do centro e incorporará, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto dos ámbitos das súas funcións.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, no seu caso, de difusión.

O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

(O plan de traballo achégase no anexo I)

## **10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.**

Mantemos unha comunicación fluída coas familias e outras institucións do entorno. Estas relacións susténtanse en:

- Reunións iniciais coas familias.
- Entrevistas individuais coas familias.
- Reunións cos servizos pertinentes do Concello.
- Difusión do programa “alerta escolar” e clarificación de competencias.

## **11. ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA E PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Os mecanismos que se utilizarán para dar a coñecer e difundir os contidos do Plan de Convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa serán os seguintes:

- Páxina web do centro.
- Circulares informativas a profesores, familias e alumnado sobre aspectos do plan.
- Charlas titoriais coas familias, e/ou titores/as legais e co alumnado sobre as normas de convivencia en vigor.
- Difusión de protocolos de actuación en supostos de acoso e ciberacoso escolar, agresións cara ao profesorado ou persoal non docente e tamén en caso de maltrato infantil que recolle a normativa vixente.

Os/as titores/as facilitarán información ao grupo de alumnado da súa titoría, de forma adaptada a súa idade, dos contidos deste plan e que a eles/as lles afecten.

Unha copia do Plan de Convivencia estará en secretaria á disposición de calquera membro da comunidade educativa que o solicite para a súa consulta.

A Comisión de Convivencia elaborará ao final de cada curso escolar unha memoria do plan de convivencia que, tras a súa aprobación polo Consello Escolar, se incorporará á memoria final de curso. Nela incluíranse o nivel de consecución dos obxectivos previstos, as dificultades atopadas, as modificacións introducidas, as incidencias producidas, as situacións levadas a cabo

e os resultados conseguidos así como as propostas de mellora que a Comisión de Convivencia, o claustro de profesores, as asociacións de nais e pais do alumnado consideren pertinentes.

Os instrumentos a empregar serán: cuestionarios, observación, entrevistas, reunións valorativas...

No caso de ausencia de incidencias, a dirección do centro cumprirá o certificado correspondente segundo o calendario que vaia marcando a administración neste sentido.

Igualmente, a dirección do centro gravará na mesma aplicación o informe de convivencia que vaia elaborando a Comisión de Convivencia nas súas correspondentes reunións de revisión e seguimento.

Ao comezo de cada curso escolar, a comisión de convivencia revisará o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar este as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. O documento de revisión anual do Plan de Convivencia deberá ser aprobado polo Consello Escolar, por maioría absoluta dos seus membros, incluído no proxecto educativo do centro e remitido á correspondente Xefatura Territorial da Consellaría de Educación antes da finalización do mes de novembro.

## ANEXO I

### Plan de Traballo do coordinador de benestar en convivencia

#### **INTRODUCCIÓN**

**Convivencia escolar** (preámbulo do Decreto 8/2015): A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

**Ao falar de convivencia estámonos referir a un aspecto fundamental na constitución do ser humano, sendo un termo que se asocia tamén con outros conceptos e ideas. Entre elas destacan, a coexistencia pacífica de varias culturas, o desenvolvemento emocional e a adquisición das habilidades sociais e valores morais necesarios para compartir a experiencia da vida, desde a defensa da dignidade de todas as persoas, a equidade a inclusión e o respecto mutuo.**

Por outra banda, é preciso destacar que as relacións con outras persoas son un elemento esencial no proceso de desenvolvemento persoal. Imos construíndonos como suxeitos en interrelación e en co-relación cos demais, comunicándonos, interactuando. Na familia, no círculo de amizades, no lugar de traballo e por suposto na escola é onde imos construíndo a nosa identidade.

Traballar a convivencia tanto desde o persoal como desde o colectivo posibilitará mellorar o funcionamento da nosa escola e convertela nunha organización viva.

Cando falamos de **benestar** facemos referencia a un concepto amplo que ten que ver non só coa experiencia subxectiva de se sentir ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.

Polo tanto é moi importante investir tempo e esforzo en educación emocional, pois sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino e aprendizaxe complicase. En resumo, o traballo de benestar no centro escolar deberá ser preventivo e será máis eficaz se contamos coa totalidade da comunidade educativa.



A actuación do coordinador de benestar e convivencia debe enmarcarse no seo de dous dos documentos fundamentais que regulan o funcionamento e as dinámicas do centro educativo, a saber: o Proxecto Educativo de Centro e o Plan de Convivencia.

Neste Plan de Traballo da coordinación de benestar e convivencia destacaremos como **eixes da nosa labor**: a formación, a escoita, a observación, as propostas e a colaboración.

## **ANÁLISE DO CONTEXTO**

- **Características do alumnado do centro no presente curso.**

Ao centro asisten douscentos alumnos e alumnas. A súa distribución en grupo queda reflectida nesta Programación Xeral Anual.

- **Características das familias do alumnado do centro no presente curso.**

O nivel económico que corresponde a unha boa parte das familias do alumnado deste CEIP podémolo encadrar dentro dos parámetros da clase media.

Moita da poboación traballa no sector primario (agricultura e gandaría). Así mesmo hai unha alta porcentaxe empregada no sector industrial e construción. O sector servizos tamén ten unha grande importancia.

- **Detalle da situación e clima de convivencia e disciplina que se vive nas aulas e no centro a día de hoxe.**

A situación actual da convivencia no centro é boa e satisfactoria. De xeito xeral non se detectan problemas graves de convivencia. Os problemas nestas idades non son causantes de grandes dificultades nas relacións interpersoais. A pesar diso consideramos moi importantes detectalos e corríxilos dende o principio porque é mais sinxelo que en etapas posteriores

- **Nivel de cumprimento das normas recollidas no centro ou aulas.**

Con carácter xeral o cumprimento das normas é boa, aínda que sempre hai casos puntuais e illados.

- **Grao de coordinación na Convivencia Escolar no centro.**

Podemos indicar que o grao de coordinación do profesorado é bo.

- **Actitude persoal ante os conflitos:**

Hai unha actitude colaboradora, intentase canalizar a enerxía en buscar solucións

- **Nivel de benestar no centro:**

En liñas xerais o benestar do alumnado e outros membros da comunidade educativa é un estado psicolóxico complexo e óptimo que observamos na maneira na cal se senten e como actúan en relación coa súa propia vida no contexto da educación.

## **OBXECTIVOS E INDICADORES**

**a) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.**

Indicador: Impulsar a participación en accións diversas cara a promoción dun clima escolar inclusivo e respectuoso.

**b) Potenciar a formación profesorado na adquisición de estratexias e dinámicas para a mellora da convivencia e a coeducación.**

Indicador: Deseño e desenvolvemento de actuacións cara a formación docente en convivencia e coeducación.

**c) Mellorar a convivencia positiva e o benestar emocional na comunidade educativa.**

Indicador: Participación no deseño de actividades prácticas que potencien a convivencia e o benestar favorecendo a resiliencia e as competencias emocionais.

**d) Transmitir a tolerancia cero contra a violencia de xénero, a LGTBI fobia e outros tipos de violencia.**

Indicador: Desenvolvemento de accións encamiñadas ao fomento da igualdade e o respecto pola diversidade.

**e) Reforzar as ferramentas de prevención, provención e detección contra o acoso e ciberacoso escolar.**

Indicador: Fomento de estratexias e recursos para a prevención, provención, resolución de conflitos e uso responsable das novas tecnoloxías.

**f) Promover a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.**

Indicador: Impulsar a figura do/a mediador/a no centro.

**g) Potenciar a actualización dos documentos de centro relacionados coa convivencia e o benestar.**

Indicador: Revisión e actualización de documentos de centro como o Plan de Convivencia, **Plan de Traballo do coordinador de benestar en convivencia**, o Plan de Acción Titorial...

## **SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN**

Mensualmente reunirse a comisión de convivencia da que forma parte o coordinador de benestar e convivencia para realizar un seguimento dos contidos e actividades deseñadas para acadar os obxectivos propostos.

O proceso de avaliación será o punto o que chegaremos despois de ler, observar, pensar, comentar, compartir, analizar, planificar e facer. Marcamos uns indicadores de avaliación que son:

- O profesorado do centro participou en actividades formativas e proxectos para a mellora da convivencia e o benestar emocional da comunidade educativa.
- As accións desenvolvidas contribuíron a dar unha mellor resposta á diversidade, igualdade e á inclusión do alumnado.
- O profesorado recoñece a importancia das medidas para a mellora da convivencia comprendédoas na súa base e aplicándoas na aula.
- Promóvese activamente un clima escolar axeitado para o correcto benestar emocional do alumnado e profesorado.
- A maioría dos docentes actualizaron os seus coñecementos en materia de autoprotección , prevención de riscos na contorna escolar e promoción da saúde física.
- As familias participaron de forma activa en actividades relacionadas coa convivencia e o benestar.

A avaliación procesual será anualmente e efectuarase polos membros da comisión de convivencia. Terán que:

- Avaliar o estado da execución das accións.
- Analizar os resultados e, de ser o caso, determinar posibles modificacións das accións.
- Valorar posibles propostas.

A avaliación final farase ao final do curso e valorarase:

- O logro dos obxectivos para o curso.
- Propostas de mellora para o seguinte curso.

Este plan de traballo queda recollido dentro do Plan de Convivencia, polo que será público e presentado tanto ao claustro como o consello escolar. Como outros documentos do centro, estará colgado na páxina web do centro.

